

Un escritor nun lugar da terra

O da escrita literaria é oficio de soidade. Escribimos desde o fondo interior, desde o tempo de lonxe. Lonxe habitan as xentes coas que queremos comunicar. Entre nós e elas interponse unha rede mesta de rúas, camiños e cidades, días, meses, anos. E silencio. En silencio reciben as lectoras e lectores as nosas páxinas. O seu é tamén oficio de soidade. O estado de clausura en que ingresan cando comezan a camiñar polas liñas impresas é semellante ao que escollemos nós para os labores de tecido literario, abismados ás veces nos foxos da memoria agredida polas ofensas da existencia, exaltantes, noutras ocasións, coa luz das certezas e das descubertas fabulosas, fabuladoras. Vivimos o acto de escrita en disposición inevitábel de retiro. E aínda que aceptamos sen queixa a constrición desta obriga de illamento, precisamos tamén do contacto cos colegas de oficio en intercambio de confidencias da intimidade creativa ou en declaración aberta das procuras de horizonte colectivo que outorgan sentido ao noso esforzo.

Nos tempos de iniciación dos meus labores de escritor con primeiros libros editados tiveron a fortuna de participar nun acontecemento decisivo: a celebración do 1º Congreso de Escritores Galegos, desenvolto en Poio do 2 ao 4 de maio de 1981. Foron xornadas intensas de análise e debate, de brava reivindicación e proxectos entusiastas. E tamén de leria simpática e luminosa. Era a estrea das actividades da AELG, fundada o ano anterior. Non esquezo a ledicia que me produciu tanto o recoñecemento de asuntos teóricos, sociolóxicos ou estratéxicos relativos ao panorama literario e sociocultural do momento, como o contacto con escritores e escritoras admirados cos que nunca coincidira antes e a comunicación renovada cos compañeiros da miña familia xeracional, que andaba a dar os seus primeiros pasos. Entre eles, Xavier Rodríguez Baixeras, meu amigo imprescindible desde aquela, meu mestre poeta.

Conservo moi viva a imaxe de algunhas figuras maiores corporeizadas en Poio diante do admirado mozo de trinta anos que era eu entón: Rafael Dieste, Ricardo Carvalho Calero, Pilar Vázquez Cuesta, Miguel González Garcés, Manuel Cuña Novás, Egito Gonçalves, Casimiro de Brito, Jose Augusto Seabra, Claudio Murilo, Manuel Scorza. Confirmei daquela os meus propios sinais de identidade como escritor galego e botei os alicerces dun hábito que non me abandona: a necesidade frecuente de convivencia grupal en encontros, festivais, congresos, xornadas, recitais, mesas redondas, faladoiros e plataformas de diversa entidade.

Outros alustros de lembranza alumean a foto de grupo. Primeiro Encontro de Escritores Galegos, Vascos e Cataláns, claustro do mosteiro de Poblet e Garcés en lección maxistral. Do Manifesto de Poblet, discutido con tanta vehemencia, este fragmento que aínda hoxe arrepiá aos que non nos

entenden, non: “só se cada unha das nacións aquí representadas se constituíse en estado integramente soberano habería garantía dun pleno restablecemento da normalidade cultural e política”. En anos sucesivos, houbo máis encontros Galeusca, nos que participei e onde tiven ocasión de encetar duradoiras relacións de amizade con escritoras e escritores cataláns e vascos e asentí a que xa establecera coas compañeiras e compañeiros galegos: Donosti, Palma de Mallorca, Tarragona, Iruñea, Santiago, Lugo, Baiona, Pontevedra, con Uxío Novoneyra, Antón Avilés, Luísa Villalta, Manuel María, Ramiro Fonte, Carmen Kruckenberg, animosos, entregados, sempre vivos na memoria, definitivamente lonxe, permanentemente nosos, inesquecíveis.

Con Uxío e Antón como presidentes e, en decisiva función de secretario, Miguel Anxo Fernán Vello –outro dos grandes amigos e poetas fundamentais que coñecín na casa da AELG–, integrei os consellos directivos durante dez anos. Alén dos proxectos e realizacións felizmente levadas a termo, case sempre contra a inclemencia e a incuria do Poder, daquelas xuntanzas na cafetería do compostelán Auditorio de Galiza, das asembleas no Museo do Pobo, dos encontros e congresos que propiciamos, fican para sempre na lembranza o arrecendo e o sabor da irmandade. Estas experiencias e outras moitas actividades grupais no ámbito literario e cultural foron consolidando a miña convicción de que a Literatura Galega está configurada como simbólico macrotexto plural e afouta plataforma de resistencia activa, monte en man común que labramos todos, cadaquén desde a singularidade da súa voz e co único compromiso da fidelidade ás propias certezas, ás demandas do oficio e ao logro da consistencia e a calidade das súas páxinas.

A letra E de Escritora, de Escritor, de Enerxía, de Emoción, de Eficacia, de Entrega, de Entusiasmo representa esa vontade colectiva de construción –interpretada por Silverio Rivas con tan suxestiva e concentrada potencia– que se orixina no fondo soberano da soidade. As vinte árbores chantadas noutros tantos lugares da nosa terra, ás que se suma hoxe unha moreira branca, constitúen un símbolo de “densidade, crecemento, proliferación, xeración e rexeneración”, como explica Eduardo Cirlot. Expansión crecente da palabra de nós, de todas e todos nós, a medrar no bosque universal que chamamos Galiza. As escritoras e escritores galegos soubemos sempre en que Terra temos asentados os nosos pés, que, en razón desa mesma firmeza de identidade, poden percorrer todos os camiños do mundo.

Meus parabéns e o meu agradecemento aos sucesivos consellos de dirección da AELG presididos desde hai dez anos por Cesáreo Sánchez e aos técnicos que traballan a pé de ordenador pola súa xenerosa e eficaz contribución, con aparellos de nova tecnoloxías e intelixencia de vella raíz, ao crecemento, proliferación, xeración e rexeneración da nosa Literatura.

Aprendemos e consolidamos, pois, o oficio da escrita, no meu caso, sobre todo, o oficio de poeta que testemuñou Cesare Pavese, non só no ámbito dos nosos obradoiros privados senón tamén na factoría onde se cultivan os eidos da palabra en man común. Pero non hai poema, relato, novela, texto teatral ou

páxina ensaística que non se fundamente no substrato esencial da experiencia humana, previa a toda acción creativa. Sobre a folla de papel branco ou na pantalla do ordenador van aparecendo os signos que nos trae a memoria, a urda da invención, os argumentos analíticos e reflexivos. É o material da vida que transformamos en obxecto de arte literaria por medio dunha sucesión de complexas operacións cerebrais, descoñecidas aínda para os especialistas. O espazo ficcional, poetizado, o tempo esculpido, os personaxes da novela, as voces do poema, foron antes lugares, momentos históricos, persoas do noso mundo. “Ser dun tempo e dunha terra. Eís o segredo da poesía máis humana e verdadeira”, deixou dito Salvatore Quasimodo. Celso Emilio reenviounos a cita, que valora a fidelidade do texto ao contexto vital do autor, relación que non se debe identificar coa reprodución elemental, documental, estreitamente figurativa da experiencia propia ou allea. O escritor na súa terra, no seu tempo, coa súa xente, si. Pero tamén obrigado á coidadosa labranza creativa da terra e do idioma, á metamorfose da vivencia temporal, ao retrato interpretativo do ser da xente.

¿Que lugares, que anos e meses, que vida miña e dous outros conformaron e constitúen hoxe a materia da que se alimenta a miña literatura? Eu son, por nacemento, horas de aprendizaxe, estacións de mocidade, un neno e un rapaz do barrio vigués de As Travesas, solleiro e sosegado territorio aberto ao val agrícola do Fragoso e aos aristocráticos xardíns de Castrelos. No quinto andar do portal número 326 da Gran Vía nacemos os seis fillos de María Luísa Cáccamo Frieben e Xosé María Álvarez Blázquez, crianzas do arrabalde das Travesas: Colorín, Pepe, Alfonso, Elena, Celso e Berta. Pouco a pouco fómonos facendo vigueses. Comezamos a ir a Vigo, como se dicía entón, marcando distancias, porque As Travesas atinxira estatus de nación independente, que acaso aínda non perdeu..

En tempos de adulto habitei nalgúns dos varios vigos que compoñen Vigo, tal como nos ensinou Méndez Ferrín, e fun profesor do instituto da Guía durante 32 anos. Considérome aínda cidadán desa urbe desequilibrada, de estética provocativa, heteroxénea, fragmentada, que equilibra sorprendentes contrastes de vertixe e serenidade, que cómpre ir descubrindo con amor de paciencia, que non se entrega sen esforzo. E cultivo a teimosa arte da apoloxía dos seus moitos atractivos, entre outros o dunha magnífica arquitectura que ás veces resulta ensombrecida polos bloques amoreados da especulación incivil, pola banalidade ornamentadora da intervención municipal, ultimamente barcos para rotondas e oliveiras de Córdoba.

Vigo é tamén terra de Aloia, filla de Maricarmen e miña, primeira emoción de pai, en constante renovación de paternidade e amizade. Para ela escribín hai algúns anos estes versos:

Esta é a casa matriz da memoria inocente,
tan semellante á miña, muralla de cristal,
a que perdín cos días e con tantas preguntas

fun deixando en exilio.

Agora vives dentro. Mais logo, desde a praza,
procurarás a luz e o tacto dos tecidos
e saberás que aquela foi a túa nación.

Eu fun ademais un ser feliz de moitos días de verán que permanecen
fondeados no mar de Coruxo, nas augas de espello lento da praia da Calzoa,
sobre as ondas bravas de setembro contra a ribeira do areal da Foz, onde

nadamos en busca desa liña
do tempo onde debuxa o mar un ángulo
exacto e unha cifra
de valor infinito, pausa negra
anterior aos ferozes abanqueiros,
imáns e remuíños e funís
que nos transportan, desaparellados
e rotos contra o vidro das areas.

Desde hai 25 anos formo parte da veciñanza de Vilaboa, dos Cobres, nos
primeiros tempos habitante da Casazul, situada na recta da Simosa, e logo da
aldea alta de Vilar, douscentos metros sobre o mar de San Simón. Eu son
agora desta terra onde comecei, con Bea, como Dante con Beatrice
-desculpádeme a ousadía- unha *vita nuova*. Un día pedinlle a ela as palabras
necesarias para a construción da nosa existencia acabada de estrear nas ribeiras
deste fondo marítimo e materno:

Dime agora

con voz de ciencia secular, con eco de paredes terrestres,

os nomes que procuro para acordar contigo en alba mentres sobe ás alcobas
o salitre, dime

os números das cousas que precisamos para construír a memoria

da vida que comeza.

Enseguida me fixen neno da súa escola do Ribeiro, desa aula de avanzada
e moi creativa Educación Infantil que contén todos os recantos do mundo, a
casa dos días, a caixa dos medos, o soto da Luceira; que recibe visitas de
Calder, Paul Klee, Joan Miró ou Maruja Mallo; que abre portas ao campo, á
horta de Bartolo, ao xardín dos arrecendos, ao río do Porco. Visito eu tamén
as nenas e nenos do Ribeiro. Lévolles poemas, inventos, cacharros feitos da

miña man, brincadeiras de pallaso. Para eles escribín un planetario poético que se chama *Sopa de estrelas*.

En decembro de 1994 estreamos casa, como antes vida nova, no alto de Vilar. Cándido Rosendo Calvar (Canducho) interpretou cabalmente e realizou con notábel rigor profesional o complexo deseño case escultórico do edificio, magnífica obra do arquitecto José Ventura. Pepe Carro púxonos hai uns meses un elegante número 13 de aceiro Cor-ten a carón da cancela. Eu, antes de rematada a construción, dixéralle a Bea:

Sabemos que debaixo
dos cimentos que o soño ergue en altura
vive un río amoroso. Eu xa sentín
moverse o corazón dunha fontenla.
Xa estou vendo
descer as augas mansas
pola beira do monte. Xa concibo
a ardente paz da nosa vida exacta,
esa alegría
que somos ti e máis eu na casa alta,
arriba, no Quinteiro de Santiago.

E aquí, no Quinteiro de Santiago, Vilar de Vilaboa, a ardente paz da vida exacta completouse coa ledicia de novas vidas, as dos nosos fillos Pedro e Antón, que outorgan constancia de pleno sentido á nosa existencia. A seguinte tentativa de cosmogonía doméstica falou para eles nun libro que se chama *Vilar dos fillos*

Aquí comeza o mundo,
no alto deste outeiro
onde tedes as camas,
o teito, a galería
e as pinturas de cera.

Non hai outro universo
que este vaso de ar
a derramar despacio
unha luz de augas verdes
sobre as veigas.

O mundo
é redondo: as montañas
escriben no horizonte
unha liña crecente
de lúa impredecíbel.

O mar forma unha esfera
que roda entre as areas.
Os vosos ollos baixan
a boiar, sorprendidos
da redondez do mundo.

Eu vexo nese círculo
que imita os vosos ollos
o símbolo do tempo,
o voso día intacto,
un astro de cristal.

Este é o mundo das súas vidas e das nosas, a luz de augas verdes, a esfera do mar, o círculo do tempo, o día intacto. Desde aquí arriba podemos nomear os sete centros do universo máis próximo, máis noso: peirao de Santracán, escola do Ribeiro, Peirao de Santa Cristina, Clube Náutico Cobres, praia de Deilán, Punta do Cabalo, Salinas do Ulló. O núcleo do panorama espectacular é a illa de San Simón, que, como asegura Ánxel Huete, vai xirando sobre o seu eixo para amosar sempre o rostro da fachada principal. Adiviñamos tamén os edificios das escolas de Riomaior e do Tournal, onde estudaron Pedro e Antón, onde eu ampliei e continúo a exercer con prudente frecuencia o meu labor docente con charlas e obradoiros.

Vemos tamén as xentes que dan razón de ser a esta engaiolante paisaxe de casas e quinteiros espallados entre o monte e o mar; socalcos e veigas que agabean as abas en dirección aos montes de San Adrián e Santa Cristina e ao excepcional parque de Castiñeiras; pistas e estradas labirínticas a subir e baixar polo val da Cardaña, a enguedellarse entre as casas de Barciela, a atinxir os últimos redutos, aló enriba, de Sobreira, O Gavián, Postemirón; deixámonos levar por Ánxel e Coté, Cristina e Jose, Lelo e Palmira en procura dalgún dos gloriosos furanchos que nos tiran a sede e nos manteñen activos os órganos da ledicia. Contamos as nove rotondas onde practican reviravolta nocturna os mozos da tribo racing. Eu baixo ao chiringuito de Deilán e, mentres bebo unha cervexa e albisco Antón a cruzar o horizonte próximo na súa piragua de velocísima aceleración, soño que sobe a maré e podo bañarme e mesmo nadar. Finalmente decido conformarme co frescor da fantasía ou marchar a mergullarme nas augas deliciosas da Punta do Cabalo.

Achégome a unha xuntanza coa xente de Vilaboa Comunicación e decidimos a próxima actividade cultural, que se vai desenvolver na Casa dos Montes de Santa Cristina ou na Biblioteca da Casa da Cultura. Os da Regaduxa, Memoria Histórica de Vilaboa, Luís Bará, Tareixa Carro, Carlos Fontes, Tomás Boullosa, Carlos Ríos, Anxo Ricón e mais eu, reunímonos para organizar e activar a recuperación da historia da represión. Moito levamos feito en pouco tempo. Seguiremos loitando pola memoria das vítimas do

terror franquista en Vilaboa, que ficará escrita para sempre con todas as súas letras.

No pazo de Larache, outro eixo decisivo, xuntámonos cada mes en faladoiro de lecer arredor da Poesía, Lupe, Diego, Ánxel, Cristina, Jose, Palmira, Miguel, Bea, Pepe, Carmen, Maurizio, Cristina. Sentiredes agora, cando nos achegemos a xantar no xardín do pazo, os ecos das nosas conversas distendidas, entretidas, pero tamén emocionadas e sorprendidas coa descuberta do efecto de verdade, da interrogación desacougante, da música extraordinaria que traen a Larache os mellores poetas de Galiza e do mundo.

Estes son algúns dos lugares e persoas através das que a miña vida dialoga co tempo e coa terra de Vilaboa. Con eles e con toda a veciñanza deste mundo tan especialmente fermoso, quero compartir o título que me outorga a AELG: escritor na súa terra, na vosa terra de sempre. Con orgullo levo tamén outro título anterior, asignado por decisión popular tacitamente consensuada, que condensa perfectamente unha das claves da miña existencia. En Vilaboa eu son Pepe de Bea. O escritor na súa Bea.

Xosé María Álvarez Cáccamo
Vilar, 23 de maio de 2015

[Resposta á laudatio de Xavier Rodríguez Baixeras lida na Casa da Cultura de Riomaor do Concello de Vilaboa, con motivo da homenaxe “O Escritor na súa Terra – Letra E”, celebrada o 6 de xuño de 2015]